

**ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE APROBACIÓN DEFINITIVA
ORDENANZA VENDA AMBULANTE**

Por Acordo do Pleno de data 30/09/2021, aprobouse definitivamente a Ordenanza reguladora da venda ambulante no Concello de A Cañiza o que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**“Ordenanza Municipal da Venda Ambulante no
Concello de A Cañiza.**

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1: Obxecto; modalidades; e réxime xurídico.

- 1.- O presente Regulamento ten por obxecto a regulación do exercicio da venda ambulante no termo municipal de A Cañiza
- 2.- Considérase venda ambulante ou non sedentaria a exercida fóra de establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, na vía pública, perímetros e lugares debidamente autorizados, mediante instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións-tenda. Queda por tanto prohibida, no termo municipal de A Cañiza, a venda ambulante que non se axuste ao recollido no presente Regulamento.
- 3.- Modalidades de venda. En tódolos casos a venda ambulante que poden ser autorizadas no Termo municipal do Concello efectuarase a través dalgunha das seguintes modalidades:
 - Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboación, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste epígrafe están encadradas, entre outras, as realizadas en feiras populares, en mercados de postos e en rastros.
 - Venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.
 - Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.
 - Venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda: aquela autorizada nos citados medios e en zonas ou lugares determinados. Queda prohibida a venda deste tipo no casco urbano da vila de A Cañiza. Así mesmo este tipo de vehículos contará con as modificacións estruturais e instalación dos elementos oportunos que por mor da tipoloxía dos artigos a vender sexan esixidas pola normativa sectorial de aplicación, para a conservación e/ou transporte dos mesmos.



Concello de A Cañiza

- 4.- Suxeitos da venda. A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que reúna os requisitos establecidos no presente Regulamento e demais normativa que fose de aplicación.
- 5.- A venda ambulante rexeráse, ademais do disposto no presente Regulamento, polo establecido na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico sanitarios aplicables á produción e comercialización dos mesmos.

ARTIGO 2: Autorización.

1.- Para o exercicio da venda ambulante será indispensable dispoñer da autorización para a instalación e utilización dos postos para a finalidade que se lles asigne e cos límites contidos que se fixen na mesma e neste Regulamento.

2.- O exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen autorización municipal, ou sen axustarse a ela, e unha vez feito o requirimento verbal pola Policía Local, dará lugar á retirada inmediata das instalacións, elementos e xéneros neles situados, e presumirase que tal autorización non existe de non presentala no momento de ser esixida polos axentes municipais.

ARTIGO 3.- Características da autorización.

1.- A autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria terá unha duración limitada. O Concello fixará a duración da autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, que será por un período de vixencia dun ano, renovables conforme o procedemento establecido no artigo 13 da presente Ordenanza.

2.- As autorizacións son persoais. As autorizacións serán transferibles sen que por razón da transmisión caiba a percepción de ningún tipo de emolumento a outras persoas tanto físicas como xurídicas, sexan sociedades mercantís ou cooperativas, logo da comunicación ao Concello e sempre que reúnan os requisitos establecidos no artigo 11 do presente Regulamento para a súa concesión. As transmisións estarán suxeitas ao pagamento da taxa fixada na correspondente ordenanza fiscal.

3.- A autorización debe definir, o menos, o prazo de validez, os datos identificativos do titular, o lugar ou lugares en que poida exercerse a actividade, os horarios e datas nas que se poidan levar a cabo así como os produtos autorizados para a venda.

4.- O comerciante deberá ter exposta para o público e para as autoridades que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible:

a) A autorización municipal.

b) Unha dirección para a recepción das posibles reclamacións durante o exercicio da actividade.

Así mesmo no caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda de postos desmontables cubertos, a identificación e o domicilio do comerciante deberá figurar nas portas ou bandas laterais de aqueles, ben sexan impresos directamente ou mediante carteis adheridos e, coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.

CAPÍTULO II.- COMPETENCIAS



Concello de A Cañiza

ARTIGO 4: Órganos competentes:

Son órganos competentes o Pleno da Corporación e a Alcaldía ou Concellería Delegada.

Corresponderá ó Pleno:

a) A modificación ou derogación deste Regulamento, co cumprimento dos requisitos e trámites legais establecidos.

b) Fixar o lugar ou lugares destinados ao mercado ambulante, así como a redución ou ampliación do número de postos de venda, así como a súa total supresión, sen que dea lugar a ningunha indemnización.

Será competencia da alcaldía, que poderá exercer por si ou mediante delegación de funcións:

a) A interpretación deste Regulamento.

b) A inspección do cumprimento das autorizacións.

c) A execución do previsto neste regulamento e nos acordos do Pleno.

d) O outorgamento das autorizacións municipais para a utilización dos postos.

e) A alteración dos lugares de venda de forma provisional por razóns de interese público.

f) A autorización da venda ambulante .

g) Todas aquelas atribucións que non figuren asignadas ao Pleno

CAPÍTULO III.- RÉXIME E POLICÍA DA VENDA

ARTIGO 5: Localización e periodicidade.

1.- O Concello establece as feiras localizadas e coa periodicidade que de seguido se refire:

- Feira Tradicional de A Cañiza que se celebrará todos os días 6 e 20 de cada mes, cando cadre en festivo manterase a súa celebración.

.- A Nova Feira de A Cañiza que se celebrará todos os últimos e antepenúltimos domingos de cada mes.

.- As Romaxes anuais das Pascuillas e da Natividade da Virxe de A Franqueira.

2.- As zonas para o exercicio da venda ambulante, nas súas modalidades de venda ambulante en mercados periódicos serán as seguintes:

As Feiras Tradicional e Nova desenvolveranse nas rúas Regueiro, Vilanova, Oriente, Carme, Antonio Facorro, Rosalía de Castro, Travesía do Mercado, Prazas de Arbo e Maior.

As Romaxes das Pascuillas e da Natividade da Virxe da Franqueira desenvolveranse no lugar de A Franqueira.

Fóra do recinto destinado á venda ambulante non se permitirá a mesma, agás naqueles supostos que, de forma temporal e provisional, acorde conceder a Alcaldía ou Concellería Delegada, que o fará en cada caso de forma discrecional. A venda ambulante nos espazos delimitados, na súa modalidade de venda ambulante en mercados periódicos, só poderá realizarse os días fixados polo Alcalde-Presidente deste Concello.



Concello de A Cañiza

3.- A venda ambulante en postos desmontables instalados na vía pública, poderá exercerse nos lugares e por un número de postos fixados na autorización e por o período concreto para o que fose solicitado e autorizado.

4.- A venda ambulante mediante camiós ou vehículos tenda , se poderá levar a cabo nos lugares solicitados, e nos que fose debidamente autorizado. Queda prohibida a venda deste tipo no casco urbano da vila de A Cañiza.

5.- Se en calquera intre o Concello decidira o traslado a un novo emprazamento ou datas do mercado ambulante, non terán dereito os titulares dos postos a esixir indemnización algunha polo cambio.

ARTIGO 6: Das instalacións e produtos da venda.

1.- A venda realizarase en postos ou instalacións desmontables, ou en vehículos-tenda, que ofrezan as condicións de seguridade e hixiene esixidas pola normativa específica vixente, e non se poderán situar en accesos a lugares comerciais ou industriais, aos seus escaparates ou exposicións ou a edificios de uso público, debendo respectar a densidade de tránsito e circulación, as condicións para garantir a adecuada sanidade e hixiene e o interese das persoas consumidoras.

Queda prohibida a exposición de mercadorías no chan, excepto os mobles, maquinaria agrícola, plantas ou calquera outro elemento que pola súa natureza poida ser autorizado pola Alcaldía ou Concellería Delegada.

2.-A mercadoría deberá estar sempre dentro da superficie do posto, quedando terminantemente prohibido o acopio da mesma en envases ou embalaxes fóra do posto.

3.- Os postos que expendan artigos de peso ou medida, deberán dispor dos instrumentos necesarios para pesar ou medir os produtos.

4.- A venda de produtos perecedoiros adecuarase en todo momento as condicións e esixencias hixiénico-sanitarias vixentes así como as autorizacións e carnés que pola natureza dos mesmos sexan esixibles.

5.- Non poderán ser en ningún caso obxecto da venda os bens ou os produtos cuxa propia normativa o prohiba e aqueloutros que, por razón da súa presentación ou outros motivos non cumpran a normativa técnico-sanitaria e de seguranza.

6.-O horario establecido para a realización da venda ambulante será dende as 08:00 e ata as 15:00 horas, no que se procederá á súa retirada.A montaxe dos postos deberá de efectuarse entre as 08:00 e as 09:30 horas, quedando prohibida a entrada de calquera vehículo no recinto do mercado a partir desta hora salvo días de temporal ou forza maior. Unha vez realizada a descarga de mercadorías ningún vehículo poderá permanecer no interior do recinto salvo os vehículos-tenda. Poderán entrar nel a partir das 13:30 horas para desmontar. A venda ambulante en mercados periódicos deberá respectar este horario e soamente se poderá realizar os días fixados

Ditos horarios serán de aplicación exclusivamente a Feira Tradicional e a Nova Feira, non sendo de aplicación as Romaxes das Pascuillas e da Natividade da Virxe da Franqueira que se desenvolven no lugar de A Franqueira, así como a outros mercados non sedentarios que se poidan celebrar. Nestes casos, tendo en conta as peculiaridades de cada feira, os horarios establecerase por Resolución da Alcaldía.

7.-O Concello poderá impor as condicións de ornato e estética que considere oportunas ós postos instalados no mercado.



Concello de A Cañiza

ARTIGO 7: Da venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora.

No relativo á venda deste tipo de produtos estarase ó disposto no Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.

1.- En consonancia co establecido no Artigo 3 da referida norma establécense as seguintes definicións:

a) Produto primario: produto procedente da produción primaria da terra e da gandaría, excluída a caza, don destino á alimentación humana, e incluídos os cogomelos silvestres.

b) Venda directa: a venda ou calquera forma de transferencia, xa sexa a título oneroso ou gratuito, realizada directamente polo/a produtor/a á persoa consumidora final ou a un establecemento de venda polo miúdo para o abastecemento ao/á consumidor final. A venda directa á persoa consumidora final poderá efectuarse in situ ou en mercados.

c) Venda en mercado: venda directa que se realiza nun lugar público destinado permanentemente ou en días sinalados para vender, comprar ou permutar bens ou servizos.

2.- Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 125/2014 a venda en mercados levarase a cabo directamente polas persoas produtoras da explotación, parentes en primeiro grao que colaboran na actividade agraria ou empregados da explotación.

3.- Para poder levar a cabo este tipo de venda directa os produtos primarios obxecto de venda deberán de proceder de explotacións inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), así como ter comunicado á consellería competente por razón da materia a súa intención de acollerse a este réxime, para a súa inscrición de oficio na sección de explotacións acollidas ao réxime de venda directa (SEVEDI).

4.- As persoas titulares das autorizacións serán responsables da seguridade e inocuidade dos produtos que producen e teñen que cumprir as normativas que afecten á súa actividade.

5.- Poderanse vender, de acordo co establecido no Decreto 125/2014, os seguintes produtos:

a) Mel, pole, própole, xalea real.

b) Ovos.

c) Froitas e froitos silvestres.

d) Legumes e hortalizas.

e) Cogomelos, nas condicións establecidas no Real Decreto 30/2009, do 16 de xaneiro, polo que se establecen as condicións sanitarias para a comercialización de cogomelos para uso alimentario.

f) Cereais.

Asimesmo deberanse de respectar as cantidades máximas de produto a vender recollidos no Anexo II de dita norma.

6.- Os produtos presentaranse á venda consente as prescricións establecidas no Real Decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, e demais normas que sexan aplicables en cada caso á comercialización do produto. De acordo co citado real decreto, entenderase por etiquetaxe as mencións, indicacións, marcas de fábrica ou comerciais, debuxos ou signos



Concello de A Cañiza

relacionados cun produto alimenticio que figuren en calquera envase, documento, rótulo, etiqueta, faixa ou collarín que acompañen ou se refiran ao dito produto alimentario. En particular, no relativo aos datos da persoa responsable do produto, figurarán o nome da persoa titular da explotación, o número do Reaga e o enderezo da explotación. No caso de transaccións efectuadas con establecementos de venda polo miúdo á persoa consumidora final, a etiquetaxe poderá consistir no documento comercial en que figure a información preceptiva.

7.- As mencións na etiquetaxe á procedencia galega dos produtos vendidos axustarase ás prescricións do Decreto 124/2010, do 15 de xullo, polo que se regulan as mencións relativas á orixe ou procedencia galega na etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimentarios.

8.- Ao respecto do réxime sancionador estarase o disposto no Decreto 125/2014, do 4 de setembro, polo que se regula en Galicia a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final.

CAPÍTULO IV.- REQUISITOS PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE

ARTIGO 8: Da obtención da autorización.

1.-Para o exercicio da venda ambulante será requisito previo estar provisto da correspondente autorización municipal, que poderá revogarse polo Concello polo incumprimento dos requisitos esixidos na ordenanza reguladora e nas normativas aplicables ó respecto.

2.-O Concello proverá a cada comerciante, vendedor ambulante dunha tarxeta de identificación. Esta será confeccionada polo Concello e conterá os datos regulamentariamente esixidos para o exercicio da venda ambulante. Será obrigatorio en cada posto ter a tarxeta á vista do público. Esta tarxeta poderá ser esixida á entrada do recinto, podendo prohibirse a colocación do posto cando se careza dela.

3.- A autorización revogarase, sen indemnización nin compensación ningunha, nos seguintes casos:

- a) Venda de produtos non autorizados.
- b) Discusión ou altercado con outros vendedores ou consumidores con perturbación da orde cidadá.
- c) Ofensas de palabra ou de obra ás persoas que leven a cabo as tarefas de inspección ou control.
- d) Reincidencia na ocupación dunha superficie superior a asignada.
- e) Reincidencia na ocupación dun posto distinto ó asignado.
- f) A non ocupación do posto asignado durante un período continuado de catro meses ou oito feiras sen causa que o xustifique.
- g) Non manter limpo o espazo asignado de xeito reincidente.
- h) Non satisfacer o importe da Taxa anualmente.

ARTIGO 9: Limitación do numero de autorizacións.

Debido o número limitado de autorizacións que se poden outorgar a vista do espazo onde se pode desenvolver esta actividade de venda ambulante, espazo delimitado no artigo 5 desta Ordenanza, concederanse tantas autorizacións como postos haxa na superficie destinada ó



Concello de A Cañiza

exercicio da venda ambulante quedando supeditada ó número de metros dispoñibles en tales espazos.

ARTIGO 10: Criterios para o outorgamento das autorizacións.

a) Titulares de licenza municipal.- os postos, previamente delimitados e sinalizados, adxudicaranse ós/as titulares da licenza municipal tendo en conta os seguintes criterios:

- Pola maior antigüidade na ocupación reiterada e efectiva dun espazo determinado no municipio de A Cañiza
- Agrupación por zonas dos artigos de venda do mesmo ramo de actividade.
- Nos supostos de empate entre os solicitantes, procederase a favor do vendedora máis antigo. De ter a mesma antigüidade, mediante sorteo.

b) Solicitantes que non posúen licenza municipal.- no caso de novas solicitudes nas que non se poidan aplicar os criterios anteriores resolverase mediante sorteo.

ARTIGO 11.- Requisitos e procedemento para a concesión da autorización.

1.- As autorizacións para o exercicio da venda ambulante serán outorgadas pola Alcaldía ás persoas ou empresas que reúnan, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) Posuír a condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.
- b) Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente á venda ambulante e atoparse ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
- c) Estar dado de alta na Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
- d) Estar ao corrente no pagamento dos tributos de carácter municipal estipulados, ou que se estipulen, para o exercicio deste tipo de actividade, nas ordenanzas fiscais correspondentes.
- e) No caso de que o titular, persoa física, proceda de países non comunitarios, deberá estar en posesión dos correspondentes permisos de residencia e de traballo; ou procedendo de países comunitarios, da tarxeta de residencia.
- f) No caso das cooperativas, poderán solicitar un máximo de 5 postos.
- g) Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- h) Dispoñer dun Seguro de Responsabilidade Civil.
- i) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude da autorización en representación da empresa.

2.- As solicitudes presentaranse no modelo normalizado aprobado polo Concello, no que constarán os seguintes datos:

- a) Nome, apelidos, enderezo para os efectos de notificación (cando non coincida co habitual), número do documento nacional de identidade e letra de identificación



Concello de A Cañiza

fiscal(N.I.F.), ou do pasaporte en vigor, no seu caso. Os mesmos datos faranse constar cando a solicitude sexa formulada por representante autorizado.

- b) Nome, apelidos, DNI e parentesco da persoa que, no seu caso, actuaría como suplente nos casos permitidos no presente Regulamento.
- c) Emprazamento no que se pretende exercer a actividade.
- d) Mercadorías ou artigos que serán obxecto da venda.
- e) Dimensións do espazo de ocupación que pretende, indicando tamén, se a venda se realizará en posto desmontable ou dende vehículo ou furgón.
- f) No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa física que vai exercer a actividade, sinalando os datos establecidos no apartado a).

g) Declaración responsable na que figurará como mínimo o seguinte:

– Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pagamento da tarifa, ou no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de persoas con obrigas tributarias.

–Estar ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social.

–As persoas solicitantes procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.

–Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.

3.- Despois de recibir as solicitudes e unha vez avaliadas, a Alcaldía adxudicará os postos tendo en conta os criterios establecidos no artigo 10 da presente ordenanza.

Tras a adxudicación dos postos a Alcaldía requirirá ás/aos interesadas/os para que no prazo de quince días presenten a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI e da tarxeta do NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.
- b) Alta no epígrafe do Imposto de Actividades Económicas e certificado de atoparse ao corrente no pagamento da correspondente cota ou cotas.
- c) Xustificante do pagamento da taxa municipal e relativa ao período correspondente.
- d) Copia da póliza e xustificante do pagamento do seguro de responsabilidade civil contratado para responder dos posibles danos derivados do exercicio da actividade.
- e) Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios deberase acompañar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- f) Certificado acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria e instalacións que pretenda utilizar, así como do seguro de responsabilidade civil que garante a cobertura de calquera clase de risco.



Concello de A Cañiza

g) Unha fotografía do solicitante tamaño carné.

h) No caso de persoas xurídicas presentaranse os TC2 nos que deberán figurar as persoas que exerzan a actividade.

i) No caso de cooperativas deberán comunicar a relación das/os cooperativistas que exercerán a actividade, con indicación do posto outorgado, que deberán reunir os requisitos legalmente establecidos para o exercicio da venda ambulante. A presentación da tarxeta en vigor de vendedor ambulante expedida polo Rexistro Galego de comercio, eximirá da presentación da seguinte documentación:

–DNI ou pasaporte, se o interesado é persoa física; CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada en favor da persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa, se é persoa xurídica.

–Xustificante de estar de alta na Seguridade Social.

–Xustificante de estar de alta no imposto de actividade económicas. De non presentarse toda a documentación sinalada no prazo indicado, o solicitante disporá dunha prórroga por igual período para emendar os defectos, considerándoo desistido da súa petición no caso de non levalo a cabo.

Unha vez presentada a documentación a Alcaldía ditará resolución adxudicando os postos a cada solicitante, e dará traslado aos servizos económicos para efectuar as liquidacións das taxas da ocupación da vía pública do período de tempo correspondente, así como a realización do correspondente padrón fiscal.

A taxa liquidarase con carácter de depósito previo á ocupación, e deberá ingresarse nas contas bancarias do Concello.

ARTIGO 12.- Vixencia e transmisibilidade das autorizacións.

1.- As autorizacións terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable por períodos de igual duración, sendo o prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación dende o 1 de novembro ata o 30 de novembro de cada ano.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización ningunha, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

2.- As autorizacións serán transferibles sen que por razón da transmisión caiba a percepción de ningún tipo de emolumento a outras persoas tanto físicas como xurídicas, sexan sociedades mercantís ou cooperativas, logo da comunicación ao Concello e sempre que reúnan os requisitos establecidos no artigo 11 do presente Regulamento para a súa concesión. As transmisións estarán suxeitas ao pagamento da taxa fixada na correspondente ordenanza fiscal.

3.- Nos casos de vacacións, enfermidade da persoa titular suficientemente acreditada, ou causa debidamente xustificada a petición desta, a Administración, logo de avaliar a circunstancia, poderá autorizar o exercicio da venda por unha suplente que deberá reunir os mesmos requisitos que a titular. Os casos de ausencia do posto deberán ser comunicados ao Concello. No caso de non se designar suplente o Concello poderá facer uso do espazo para



Concello de A Cañiza

conceder permisos provisionais. En todo caso a titular deberá aboar a taxa correspondente e manter a súa situación de alta na Licenza Fiscal.

4.- A Administración valorará, en determinados supostos debidamente comprobados, a conveniencia de outorgar unha autorización provisional para exercer a venda ambulante por tempo inferior ao ano natural, ata un tempo máximo de tres meses, prorrogable unha soa vez por outro período máximo igual que se sinalará na autorización, cando concorran circunstancias e cargas familiares especialmente gravosas para a/o solicitante.

5.- Non se poderán realizar transmisión de postos que teñan débedas por non pagar a taxa correspondente.

6.- No caso de transmisión de postos adxudicados a cooperativas, a solicitude de transmisión deberá ser presentada polo cooperativista ao que se lle outorgara o posto.

ARTIGO 13.- Renuncia voluntaria.

Entenderase que a persoa titular renuncia voluntariamente á súa autorización de venda ambulante cando se dea polo menos un dos seguintes supostos:

a) Non atender ao pagamento da taxa por ocupación de vía pública nos prazos establecidos legalmente.

b) Non solicitar a prórroga anual da autorización nin achegar a documentación necesaria para a súa tramitación de acordo co establecido no artigo 12.1 deste Regulamento.

c) A non ocupación do posto asignado durante un período de dous meses sen causa que o xustifique. Neste caso o Concello disporá do posto e realizará unha nova adxudicación. Non se poderá realizar unha nova adxudicación no prazo de dous anos a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que perderan a súa autorización por falta de pagamento das correspondentes taxas.

ARTIGO 14.- Obrigas das/os titulares de autorizacións.

As/os titulares de autorizacións para a venda ambulante, ademais de cumprir cos requisitos establecidos no artigo 11.1 deste Regulamento, deberán cumprir coas seguintes obrigas:

a) Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que foron autorizados.

b) Observar as normas sanitarias que establezan as disposicións vixentes así como as referentes ás pesas, medidas e as de disciplina de mercado ou comercialización.

c) Manter as instalacións, postos e demais elementos de venda nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza.

d) Ao remate da xornada comercial deberán recoller todos os desperdicios e embalaxes debidamente atados e depositalos nos contedores para facilitar a ulterior tarefa de recollida de lixo. Igualmente deberán reparar os danos ocasionados na vía pública e instalacións como consecuencia do desenvolvemento da actividade para a que dispoñen de autorización.

e) Ter expostos os seus datos de identificación e enderezo de modo que resulten facilmente visibles para o público. Así como exhibir, cando así lle sexa indicado pola Policía Local, a autorización municipal de venda ambulante e o documento acreditativo do pagamento das taxas vixentes, xunto co documento nacional de identidade, permiso de residencia ou pasaporte, dependendo da situación persoal.

f) Exhibir, cando así lle sexa indicado pola Policía Local, os xustificantes do cumprimento das condicións para o mantemento da autorización.

g) No caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos – tenda, ou de postos desmontables cubertos, a identificación e enderezo do comerciante deberá figurar tamén nas portas ou bandas laterais daqueles, e coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.

h) Efectuar o pagamento da taxa de acordo coa Ordenanza vixente en cada momento. Unha vez confeccionado o Padrón fiscal liquidarase de acordo ao establecido na súa Ordenanza reguladora. O incumprimento destas obrigas dará lugar, no seu caso á incoación do correspondente



Concello de A Cañiza

expediente sancionador sen prexuízo de que se proceda á desmontaxe do posto, a retirada temporal das mercadorías e ao seu depósito nos termos e condicións sinaladas na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións e xéneros relativos a calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal.

ARTIGO 15.- Extinción das autorizacións.

As autorizacións extinguíranse pola expiración do seu prazo, polas causas de revocación sinaladas no artigo 9 ou polos supostos de renuncia voluntaria indicados no artigo 13 do presente Regulamento.

CAPÍTULO V. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

ARTIGO 16: Infraccións.

Constitúen infraccións as condutas tipificadas no presente Artigo. O incumprimento das normas establecidas no presente Regulamento, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa dos consumidores u usuarios e demais normativas de aplicación dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas calificaranse en leves, graves e moi graves.

1.- Serán faltas leves.

- a) Producir ruídos, berros ou música que incumpra a ordenanza de ruídos e vibracións municipal.
- b) A falta de limpeza das instalacións e a zona circundante inmediata á mesma.
- c) Aumentar a superficie do posto con máis metros autorizados, ou non gardar a distancia establecida entre postos.
- d) Non deixar limpo ou recollido o lugar onde estivo instalado.

2.- Serán faltas graves.

- a) A reiteración por dúas veces en faltas leves no período de tres meses.
- b) Non cumprir as normas de seguridade das instalacións e elementos das mesmas.
- c) A venda de produtos distintos dos autorizados na licenza.
- d) A instalación do posto en lugar distinto do autorizado.
- e) Non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercadoría.
- f) A desobediencia a atender as normas de orde da Policía Local.

3.- Serán faltas moi graves.

- a) A reiteración por dúas veces en faltas graves, no período de seis meses.
- b) O incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.
- c) O exercicio da actividade por persoa distinta á autorizada.



Concello de A Cañiza

- d) A instalación de postos sen a debida autorización.
- e) A venda de produtos non autorizados.
- f) Non cumprir con calquera dos requisitos imprescindibles para o exercicio da venda ambulante segundo o recollido na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia e recollidos no Artigo 9 do presente Regulamento.
- g) A venda de produtos en mal estado.
- h) No aboar o prezo marcado pola Ordenanza fiscal municipal.

ARTIGO 17: Sancións aplicables.

- a) Por faltas leves: multas de 30 a 750 euros.
- b) Por faltas graves:
 - Multas de 751 a 1500 euros.
 - Suspensión cautelar ou temporal da autorización.
- c) Por faltas moi graves:
 - Multas de 1501 a 3000 euros.
 - Revogación da autorización, podendo chegar ao comiso da mercadoría nos casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Corresponde á Alcaldía ou Concellería Delegada a imposición das multas.

ARTIGO 18: Procedemento para a imposición das sancións.

Para a determinación das infraccións e imposición das sancións previstas neste Regulamento será de aplicación o procedemento administrativo regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e principios recollidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro. Do Réxime Xurídico do Sector Público.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza quedan derogadas cantas resolucións ou acordos municipais se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co texto que agora se aproba.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Calquera autorización concedida con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza quedará sen efecto transcorridos tres meses dende a mentada data; neste prazo os titulares poderán solicitar nova licenza adaptada ó regulado nesta Ordenanza.

Os expedientes para a concesión de autorización para venda ambulante que iniciados con anterioridade, se atopen en fase de tramitación á entrada en vigor da presente Ordenanza, axustaranse nas súas resolucións ó disposto na mesma. A tal efecto requirirase ós/ás interesados/as para que, presenten a documentación adicional que, no seu caso, fora esixible.

Concello de A Cañiza

DISPOSICIÓN FINAL

De conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación no BOP e de transcorrer os prazos previstos no artigo 65.2 da amentada lei de bases.”

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Cod. Validación: 69MKNQJLDRMZ4H5TZ9MH-C2LQ | Corrección: <https://caniza.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13